



ACTA III. PROBA FASE OPOSICIÓN. PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS TOTAIS, PROPOSTA PROVISIONAL DE SELECCIÓN E BOLSA.

PROCEDEMENTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES (OFICIAL DE 1.ª, CONDUTOR/A DE TRACTOR), PARA A COBERTURA TEMPORAL DUNHA PRAZA VACANTE E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

EXPEDIENTE 2026/E001/000008

1. Composición do Tribunal

No concello de Cee, o día 15/09/2026, ás 10:00 horas, reúnese o Tribunal do proceso selectivo coa seguinte composición:

PRESIDENTE	María Angelina Blanco Rial
SECRETARIO	Juan Carlos Santabaya Louzán.
VOGAIS	Alberto Trillo Prado
	Manuel Calo Canosa.
	Rosario Paz Rey

O obxecto da reunión e proceder á realización da proba de coñecemento práctico, nos termos indicados na Base 8: Sistema Selectivo punto 2. Fase de oposición das bases da convocatoria.

2. Fase de oposición.

A fase de oposición terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

A puntuación máxima será de sete (7) puntos, sendo necesario obter un mínimo de tres puntos e medio (3,5) para superala.

Consistirá nunha ou varias probas prácticas relacionadas co manexo do tractor, uso de apeiros, mantemento básico, condución e demais funcións do posto.

As probas poderán versar sobre:

- *Manexo e condución do tractor municipal e da maquinaria adscrita ao servizo.*
- *Acoplamento e utilización de apeiros,*
- *Desbroce e limpeza,*
- *Carga e descarga de materiais,*

O tribunal terá plena liberdade para determinar o contido concreto das probas e os criterios de valoración.

2. Relación de asistentes

Os candidatos foron convocados o 15 de setembro de 2026, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos situado na segunda planta do Concello de Cee, asistindo á proba todos os candidatos convocados.

DNI	INICIAIS (apelidos e nome)
***1081**	CVM
***6723**	PMM



3. Proba práctica (1ª parte)

Para a realización da primeira parte da proba o tribunal e os candidatos trasládanse ás instalacións do antigo IES Agra de Cee sito na rúa Buenaventura Castro Rial s/n.

CONTIDO DA PROBA

A proba consiste na realización das seguintes operacións mediante tractor agrícola:

- Desenganche dunha cisterna acoplada ao tractor.
- Enganche dun remolque.
- Realización dun percorrido circular previamente delimitado.
- Estacionamento do remolque na mesma posición de partida mediante manobra marcha atrás.
- Desenganche do remolque.
- Novo enganche da cisterna inicial.

PUNTUACIÓN PROBA

***1081** CVM

Equipamento de protección individual: O aspirante utilizou luvas durante a realización da proba, non empregando, porén, casco de protección nin lentes de seguridade.

Desenvolvemento da proba:

Durante a execución da proba observouse que procedeu á colocación dos dous calzos no primeiro remolque. No segundo remolque non colocou ningún tipo de calzo de seguridade.

Así mesmo, realizou de forma incorrecta a conexión dunha das mangueras hidráulicas necesarias para o acoplamento da cisterna.

Duración proba: 15 minutos

Valoración:

As incidencias detectadas afectan a aspectos básicos de seguridade e á correcta realización das operacións de enganche, polo que a cualificación outorgada é de:

Puntuación: 2,50 puntos.

***6723** PMM

Equipamento de protección individual: O aspirante utilizou luvas, casco e lentes de protección, se ben non levou correctamente abrochado o casco durante a realización da proba.

Desenvolvemento da proba:

Durante o acoplamento do remolque non realizou a conexión do cable correspondente á instalación eléctrica do mesmo.

Na fase final da proba, durante a manobra de estacionamento, o remolque invadiu parcialmente a zona de beirarrúa.

Duración: 12 minutos

Valoración:

A proba foi executada de maneira satisfactoria na maior parte dos seus aspectos, aínda que se detectaron as incidencias anteriormente descritas, relacionadas coa seguridade e coa correcta finalización da manobra.

Puntuación: 2,75 puntos.



4. Proba práctica (2ª parte)

Para a realización da segunda parte da proba o tribunal e os candidatos trasládanse a unha parcela sita no parque empresarial de Cee, aos efectos de dispor dun terreo o suficientemente amplo para as labores de desbroce.

CONTIDO DA PROBA

A proba consistiu na realización das seguintes operacións:

- Arranque do tractor.
- Acoplamento dun cazo frontal.
- Elevación da fresadora situada na parte traseira.
- Desprazamento ata unha parcela previamente delimitada de aproximadamente 10 x 10 metros.
- Realización dos traballos de desbroce da superficie, incluíndo tanto a zona chan como o noiro lateral.
- Finalización dos traballos e estacionamento do vehículo.

Procédese ao sorteo das zonas de limpeza, correspondendo a zona 1 ao candidato ***6723** PMM e a zona 2 ao candidato ***1081** CVM

PUNTUACIÓN PROBA

***1081** CVM

Equipamento de protección individual: O equipamento empregado foi correcto e adecuado para a realización da proba.

Desenvolvemento da proba:

O aspirante non procedeu ao acendido das luces regulamentarias do vehículo antes do inicio dos traballos.

Tampouco elevou a fresadora ao comezo da proba antes de iniciar o desprazamento.

Ao finalizar, estacionou o tractor mantendo a fresadora en funcionamento.

Durante a execución dos traballos observouse un manexo deficiente da maquinaria, especialmente nas tarefas de desbroce do noiro lateral, resultando unha execución pouco precisa.

Duración: 10 minutos

Valoración:

As deficiencias observadas afectan tanto aos procedementos de seguridade como á correcta utilización dos apeiros e á calidade final dos traballos realizados.

Puntuación: 2,50 puntos.

***6723** PMM

Equipamento de protección individual: correcto.

Desenvolvemento da proba: correcta

Duración: 9 minutos

Valoración:

A proba desenvolveuse de forma correcta, demostrando coñecementos adecuados no manexo da maquinaria, aplicación das medidas de seguridade e execución dos traballos requiridos.



Puntuación: 3,50 puntos.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n°
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Tfno: 981 745 100
correo@cee.gal
www.cee.gal

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA





5. Proba de coñecementos do idioma galego.

Dado que ambos candidatos acreditan estar en posesión do CELGA non resulta necesaria a realización da proba.

6. Puntuacións provisionais totais

Vistas as puntuacións acadadas nas fases de concurso e oposición, a puntuación provisional total dos candidatos presentados ao proceso selectivo é a seguinte:

DNI	INICIAIS (apelidos e nome)	PUNTUACIÓN FASE CONCURSO	ASISTE PROBA PRÁCTICA	PUNTUACION PROBA PRÁCTICA	SUPERA PROBA PRÁCTICA	GALEGO	PUNTUACIÓN TOTAL
***1081**	CVM	0,98	SI	5,25	SI	APORTA CELGA	6.23
***6723**	PMM	3	SI	6	SI	APORTA CELGA	9

A puntuación da fase de oposición obtense pola suma das dúas probas prácticas realizadas

7. Proposta provisional de bolsa



DNI	INICIAIS (apelidos e nome)	ORDE BOLSA
***6723**	PMM	1º
***1081**	CVM	2º

8. Proposta provisional de selección

Proponse a selección do candidato que obtén a maior puntuación no proceso.

DNI	INICIAIS (apelidos e nome)	PUNTUACIÓN TOTAL
***6723**	PMM	9

9. Publicación e apertura prazo alegacións

Acórdase proceder á publicación das puntuacións provisionais e proposta provisional de selección acadadas nesta proceso no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>) e, con carácter informativo, na web municipal.

As alegacións a estas puntuacións provisionais poderán presentarse nun prazo de 5 días hábiles a contar dende a publicación das mesmas no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/opencms/es/informacion/>). As mesmas poderán presentarse no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión en Cee, a 15/09/2026 sendo as 13:00 horas.

Asdo.

Secretario

Presidente

Vogais.